



Ola, son **Carlos Agrasar Cruz**
e o 21/03/2014 estarei en **Rialeda**
coa charla titulada

**“Ti podes salvar unha vida.
Aprendemos a RCP?”**

nesta sinxela guía podes consultar algúns libros e
dvd que a biblioteca seleccionou para ti
relacionados co corpo humano!!!




**“Experimentos con el cuerpo humano”,
de Nick Arnold**

Máis de vinte experimentos para poñer a proba o teu
corpo. Divertidas ilustracións e textos moi entretidos dan
a coñecer a anatomía dunha maneira pouco habitual.




**“Todo lo que necesitas saber sobre el
cuerpo humano”, de Patricia Macnair**


Resolve moitas das túas dúbidas sobre o corpo
humano con este libro. Sabías que ao correr, o
corazón dun xove adulto pode latexar ata 200 veces
por minuto, e que a medida que cumprimos anos os
latexos redúcense, dando 145 como máximo aos 80
anos?



“Atlas básico de anatomía”

Libro de consulta para escolares e todas as persoas curiosas que
queran coñecer os distintos órganos, aparellos e sistemas do
corpo humano. Descricións sinxelas acompañadas de moi boas
ilustracións, láminas e figuras.






“El cuerpo humano” de Sy Hguyen

Se coñecer o corpo humano pode converterse nunha apaixonante viaxe, este libro pode ser unha boa guía. Boas ilustracións, fotos, despregables e transparencias van da man de textos que nos axudarán a comprender o funcionamento do noso corpo. *Sabías que, a sensación gustativa é máxima para temperaturas entre os 20° e os 30°? Que o sabor acedo e o doce aumentan a temperaturas máis elevadas? E que o amargo e o salgado se incrementan a temperaturas máis baixas?*

“Érase una vez... El cuerpo humano” (DVD)

Escollemos estes dous dvd desta famosa colección divulgativa: neste caso o aparello respiratorio e a circulación sanguínea, tratados de xeito divertido e moi ameno.



“El gran libro del cuerpo humano”, de Adolfo Cassan

Este libro amplía e complementa o Atlas básico de anatomía. Ademais de expoñer toda a información relacionada cos órganos e sistemas do corpo tamén ofrece información relacionada con distintas doenzas así como a prevención de posibles molestias ou enfermidades.

“Reanimación cardiopulmonar (RCP)” de Carlos Agrasar Cruz

Documento en pdf da autoría do especialista de hoxe. Accesible a través de Internet. A poboación en xeral debería coñecer os pasos básicos para a activación precoz da cadea de supervivencia para intentar revertir unha parada cardíaca.

http://agaxede.org/uploads/file/APUNTES-SEGURIDADE-AGAXEDE_carlos-agrasar%205.pdf

